



LISTA DE ASISTENTES

D^a Margarita Estévez Toranzo
D^a.M^a Teresa Iglesias Randulfe
D^a. Inmaculada Anaya Revuelta
D. David Basalo Domínguez
D. Federico Fernández Fernández
D. Ramón A. Fernández Sobrino
D. Juan Pablo Hervés Beloso
D. Juan Carlos Prado Prado
D. Javier Rodeiro Iglesias

DESCULPA A ASISTENCIA:

D^a M^a Nuria Andión Rodríguez

Acta da sesión ordinaria da Comisión Electoral, que tivo lugar o día 4 de maio de dous mil seis ás 11:30 horas en primeira convocatoria e ás 12:00 horas en segunda.

O xoves, día **4 de maio de 2006**, ás 12:05 horas, na Sala de Xuntas reitoría, deu comezo a xuntanza ordinaria da Comisión Electoral co obxecto de tratar os seguintes puntos da orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria do día 6 de abril de 2006.
2. Resolución das reclamacións ás candidaturas provisionais ás eleccións a Reitor, Claustro Universitario e representantes dos estudantes nos Consellos de Departamento e proclamación definitiva de candidatos a cada unha das eleccións.
3. Asuntos varios.
4. Rogos e preguntas.

Punto 1.- Aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria do día 6 de abril de 2006.

Apróbase por asentimento.

Punto 2.- Resolución das reclamacións ás candidaturas provisionais ás eleccións a Reitor, Claustro Universitario e representantes dos estudantes nos Consellos de Departamento e proclamación definitiva de candidatos a cada unha das eleccións.

Foron aprobadas todas as reclamacións ás candidaturas provisionais ás eleccións a Claustro Universitario e representantes dos estudantes nos Consellos de Departamento (anexos I e II respectivamente).

A secretaria xeral informa de que todas eran automáticas agás a reclamación presentada pola alumna de 3º ciclo Dona Patricia Corbacho Suso que por un erro material non figura no censo da Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo para o Claustro Universitario, aínda que si figura no censo para a elección de representantes dos estudantes nos Consellos de Departamento. Aínda que non fixo a reclamación ao censo no seu día, solicita se corrixa dito erro ao amparo do artigo 105.2 da Lei 30/92 que permite ás administracións públicas rectificar en calquera momento os erros materiais, e sexa admitida a súa candidatura ao Claustro Universitario como alumna de 3º ciclo na Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo.

Feita a comprobación de que dita alumna estaba matriculada no programa de doutoramento “Menores en situación de conflito e desprotección social” do Departamento de Dereito Público e á vista do informe da Asesoría Xurídica, a Comisión Electoral aprobou por unanimidade aceptar a reclamación de Dona Patricia Corbacho Suso e admitir a súa candidatura.

Foi aprobada a proclamación definitiva de candidatos correspondente a cada unha das eleccións. (Anexos III, IV e V)

Así mesmo comunicouse aos membros da Comisión Electoral a relación de centros e sectores nos que non é preciso facer votación a Claustro por haber un número igual ou menor de candidatos que postos a cubrir e a relación de Departamentos nos que é preciso facer votación.

Punto 3.- Asuntos varios.

Acordouse modificar a proposta da sesión do día 6 de abril sobre o número de urnas por mesa para as eleccións a Reitor e Claustro Universitario. A nova proposta é de que en cada mesa haxa dúas urnas, unha para a votación a reitor e outra para a votación a Claustro Universitario e nos centros nos que o número de posibles votantes é elevado terán dúas urnas adicionais por se fosen necesarias.

A secretaria despois de informar sobre a cantidade de papeletas que se ían distribuír por mesas, propuxo que o día da votación os membros da Comisión Electoral estean localizables por se xurde algunha emerxencia. Así mesmo adiantou que a próxima reunión da Comisión Electoral para a proclamación definitiva de resultados terá lugar o día 26 de maio pola tarde.

Punto 4.- Rogos e preguntas.

O señor Federico Fernández fai o rogo de que aos membros do PAS que lles toca estar nunha mesa electoral se lles conceda un día libre.

E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 13:00 horas do xoves día 4 de maio de 2006 da que eu como Secretaria Xeral dou fe, co visto e prace da Presidenta da Comisión Electoral.

A Presidenta da Comisión Electoral

A Secretaria da Comisión Electoral

Margarita Estévez Toranzo

M^a Teresa Iglesias Randulfe